

<b>INFORME DE INTERVENCIÓN</b>
--------------------------------

<b>ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 152 REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA. EJERCICIO 2023.</b>
---

En cumprimento do establecido no artigo 54 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), no artigo 92.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 172 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e no artigo 4 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e en cumprimento do disposto no artigo 214 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, emito o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978 (CE)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, LRBRL.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro pola que se aproba a Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Ordenanza fiscal xeral.

ANTECEDENTES:

- Decreto número 9395/2022 do 27.09.2022 da Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo, de inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.
- Informe do Servizo de Facenda Local, asinado pola súa xefa de servizo, Isabel Carbonés Bosch, de data 11.10.2022, coa conformidade de Asesoría Xurídica, do 12.10.2022, de aprobación do proxecto de modificación de determinadas ordenanzas fiscais, en cumprimento do decreto núm. 9395/2022, recollendo os cambios propostos tanto polos Tenentes de Alcadesa Delegados de área como polos Concelleiros Delegados e responsables dos diferentes Servizos.

## INTERVENCIÓN

MVF/pfa

Refª: ispac6387539449014713566.doc

Asunto:

En concreto, en relación á Ordenanza Fiscal núm. 152 reguladora das taxas por aproveitamentos especiais da vía pública, o Servizo de Facenda Local recolle as seguintes modificacións propostas pola súa xefa de Servizo:

*o Modificar os epígrafes B, C, D e apartado grúas do apartado 2 epígrafe F do artigo 4º.*

- Anteproxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal núm. 152, asinado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo, o 13.10.2022

- Ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo, asinado polo seu Presidente, Emilio Fernández Pita, a súa secretaria, Ana Tabarés Martínez e mailo seu vogal, Pedro Fernández Agustí, o 13.10.2022

- Informe xurídico de Secretaría, asinado por secretario xeral do Pleno, Rafael José del Barrio Berdel o 13.10.2022, concluíndo o carácter favorable á tramitación da modificación proposta.

### **Extremos de xeral comprobación:**

- **Órgano competente:** Consideración Xurídica Cuarta do informe xurídico do Secretario Xeral do Pleno:

*"De conformidade co disposto no artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais.*

*De conformidade co disposto no artigo 123.1d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde ao Pleno a aprobación das ordenanzas e regulamentos municipais.*

*En consecuencia, corresponde á Xunta de Goberno local do Concello de lugo a aprobación dos proxectos de modificación de ordenanzas referenciados, e, posteriormente ao Pleno da corporación municipal a aprobación inicial/provisional da modificación das ordenanzas referenciadas, polo quórum de maioría simple, previo ditame da Comisión informativa especial de contas e permanente ordinaria de alcaldía e gobernanza: economía e recursos humanos".*

- **Inicio do expediente:** Decreto número 9395/2022 do 27.09.2022 da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo, de inicio do expediente de modificación e actualización de determinadas Ordenanzas fiscais vixentes.

- **Informe do máximo responsable do servizo:** Informe do Servizo de Facenda Local, asinado pola súa xefa de Servizo, Isabel Carbonés Bosch, de data 11.10.2022, coa conformidade de Asesoría Xurídica, do 12.10.2022, de aprobación do proxecto de modificación de determinadas ordenanzas fiscais, en cumprimento do decreto núm. 9395/2022, recollendo os cambios propostos tanto polos Tenentes de Alcaldesa Delegados de área como polos Concelleiros Delegados e responsables dos diferentes Servizos.

En concreto, en relación á Ordenanza Fiscal núm. 152 reguladora das taxas por aproveitamentos especiais da vía pública, o Servizo de Facenda Local recolle as seguintes modificacións propostas pola súa xefa de Servizo:

- o *Modificar os epígrafes B, C, D e apartado grúas do apartado 2 epígrafe F do artigo 4º, coa seguinte redacción:*

**“ARTIGO 4º.TARIFAS.**

A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será a que figure nos epígrafes que seguen, segundo o tipo de aproveitamento, superficie ou lonxitude de ocupación, duración desta e categoría fiscal da rúa:

Epígrafe B: Valados, puntais, estadas e outras instalacións axeitadas para a protección da vía pública das obras lindeiras.

Por m<sup>2</sup> ou fracción e cada 15 días ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	3,80€	2,03 €	1,17 €	0,34 €	0,17 €

Unha vez rematado o prazo de ocupación sinalado na licenza deberá o interesado solicitar a correspondente baixa da ocupación nas Oficinas de Policía Urbana e Transportes ou, de ser o caso, solicitar a correspondente prórroga. De non se cumpriren estes requisitos aplicarase o seguinte:

As cotas deste epígrafe serán obxecto da recarga do 50% unha vez rematado o prazo fixado na licenza e nos tres meses seguintes. O tempo que exceda de tres meses aplicarase á cota inicial do epígrafe a recarga do 100%.

Epígrafe C:

- a) Areas, materiais de construción, camións bombeadores de formigón, silos, plataformas elevadoras, estadas eléctricas monomástil e outros:

Por m<sup>2</sup> ou fracción e día ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	0,25 €	0,14 €	0,08 €	0,02 €	0,01 €

- b) Colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, que se esixirá en réxime de autoliquidación:

Colectores: Por m<sup>2</sup> ou fracción e día ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	0,25 €	0,14 €	0,08 €	0,02 €	0,01 €

Sacos (ata 1,2 x 1,2 m<sup>2</sup>): Por día ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
------------	----	----	----	----	----

## INTERVENCIÓN

MVF/pfa

Refª: ispac6387539449014713566.doc

Asunto:

	0,37 €	0,20 €	0,11 €	0,03 €	0,02 €
--	--------	--------	--------	--------	--------

Epígrafe D: Mesas e cadeiras provistas ou non de toldos ou elementos semellantes para protección.

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
Tarifa anual (ano natural), por cada m <sup>2</sup> ou fracción de terreo de uso público:	30,84€	16,50€	9,48€	2,74€	1,40€
Tarifa semestral (de maio a outubro, ambos inclusive), por cada m <sup>2</sup> ou fracción de terreo de uso público:	11,66€	6,24€	3,58€	1,04€	0,53€
Tarifa trimestral (de xullo a setembro, ambos inclusive), por cada m <sup>2</sup> ou fracción de terreo de uso público:	5,83€	3,12€	1,79€	0,52€	0,26€

No caso de que existiran toldos ou parasoles de protección que delimiten unha superficie superior á delimitada polas mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

A superficie autorizada deberá de ser acotada pola Policía Local mediante pequenas escuadras pintadas no chan, co obxecto de facilitar a inspección da superficie realmente utilizada.

Epígrafe E: Ocupación do solo, voo e subsolo.

### 2) APROVEITAMENTO DO SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

As grúas, grúas-torre ou instalacións análogas utilizadas na construción, instaladas na vía pública e cuio brazo ou pluma ocupe no seu percorrido calquera parte do voo da vía pública, serán gravadas coas seguintes tarifas:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
1 mes	285,16	152,57	87,66	25,34	12,95
2 meses	570,32	305,14	175,32	50,68	25,90
3 meses	855,48	457,71	262,98	76,02	38,85
4 meses	1.140,64	610,28	350,64	101,36	51,80
5 meses	1.425,80	762,85	438,30	126,70	64,75
6 meses	1.710,96	915,42	525,96	152,04	77,70
Por cada mes, a partires do sexto mes:	380,22	203,42	116,88	33,78	17,26

No caso de grúas, grúas-torre ou instalacións análogas utilizadas na construción, instaladas en terreos particulares e cuio brazo ou pluma ocupe no seu percorrido calquera parte do voo da vía pública, tributarán polo 75% das tarifas anteriores.

Cando a grúa, grúa-torre ou instalación análoga utilizadas na construción estean instaladas no interior dun espazo delimitado por valados, só se aplicará a taxa regulada no epígrafe B) deste artigo, sen perxuízo da liquidación da taxa que proceda pola ocupación do voo do dominio público municipal realizado pola grúa empregada na construción, conforme o presente epígrafe, sempre que o voo exceda do perímetro acoutado polo valado."

- **Informe de Asesoría Xurídica:** Consta a conformidade do xefe da Asesoría Xurídica, Manuel Louzao Aldariz, prestada con data 12.10.2022 ao informe do Servizo de Facenda Local de aprobación do proxecto de modificación de determinadas Ordenanzas Fiscais.

- **Proposta do responsable da área xestora:** Anteproxecto de modificación da Ordenanza Fiscal núm. 152, asinado pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarelos Fondo, o 13.10.2022

- **Ditame do Tribunal Económico Administrativo:** Ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo, asinado polo seu Presidente, Emilio Fernández Pita, a súa secretaria, Ana Tabarés Martínez e mailo seu vogal, Pedro Fernández Agustí, o 13.10.2022

- **Informe Xurídico:** Informe xurídico de Secretaría, asinado por secretario xeral do Pleno, Rafael José del Barrio Berdel o 13.10.2022, concluíndo o carácter favorable á tramitación da modificación proposta, concluíndo: *“que unha vez emitido o informe preceptivo da intervención municipal procede a súa aprobación polos órganos competentes.”*

#### RESULTADO DA FISCALIZACIÓN PREVIA LIMITADA

**Procede a tramitación do expediente, en base aos informes favorables que conclúen o seu carácter favorable, coa seguinte observación:**

Deberá de formularse, por parte do Servizo de Facenda Local, proposta de modificación da Ordenanza de referencia ao órgano competente, logo da emisión dos informes obrantes no expediente, así como a fiscalización favorable do expediente emitida por esta Intervención.

Cómpre recordar que a fiscalización da Intervención haberá de realizarse sobre da proposta que finalmente se eleve a consideración do Pleno da Corporación, de xeito que haberá de observarse dita circunstancia no caso de sufrir variación o expediente remitido.

Este é o meu informe, que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito. Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis conveniente aos intereses xerais.

*Asinado dixitalmente polo Interventor Xeral Municipal, Manuel Vázquez Fernández, na data que se indica á marxe.*